



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)

TL. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269

concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía de data 22 de xuño de 2017, aprobouse a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos da convocatoria relativa á contratación en réxime de persoal laboral temporal **DUN XEFE DE BRIGADA**, así como a data, hora e lugar de realización da entrevista:

DECRETO

D. VENTURA SIERRA VÁZQUEZ

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO

Á vista do procedemento para a contratación temporal dun xefe de brigada de prevención e defensa contra incendios forestais, segundo o convenio de colaboración suscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Vilariño de Conso para a participación na prevención e defensa contra incendio forestais, cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020,

segundo o disposto nas bases de selección e no uso das competencias que me son propias

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos para a contratación **dun xefe de brigada**, ó non terse presentado ningunha reclamación ou alegación por omisión no prazo concedido.

ADMITIDOS:

Apelidos	Nome	DNI
Pérez Morandeira	Patricia	47381772N
Simón Ferreiro	Cristina	33561309P
Suárez Vázquez	Uxía	76730918C

EXCLUÍDOS:

Ninguén.

SEGUNDO: O tribunal cualificador, segundo decreto de alcaldía de data 19/06/2017, que estará composto por:

TRIBUNAL TITULAR:

Presidente: D. José Olivier Reboredo Campos (Xefe de Servizo de Emerxencias da Xunta)

Secretaria: D^a. Ana María Loureiro Silva, (Secretaria-Interventora do Concello de Vilariño de Conso).

Vogal: D. Angel Fouces González (Xefe de distrito 13 Valdeorras-Trives)

Vogal: D. Manuel Obes Barja (Administrativo Concello de A Gudiña)

Vogal: D. Jacinto Fernández Macía (Coordinador de emprego e desenvolvemento local do Concello de A Gudiña).



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)

Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269

concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

TRIBUNAL SUPLENTE:

Presidente: D. Diego Núñez Ruíz (Xefe de Área do Servizo de Emerxencias da Xunta)

Secretario: D. Dario Antonio Mangana Rivas (Secretario-Interventor do Concello de A Gudiña)

Vogal: D^a. María de los Angeles Crespo García (Administrativo do Concello de A Mezquita)

Vogal: D^a. María Asunción Ávila García (Auxiliar Administrativo do Concello de Viana do Bolo).

Vogal: D^a. Azucena Gago Couso (Auxiliar Administrativo do Concello de Viana do Bolo).

TERCEIRO: Convocar segundo o previsto na base novena das bases de selección, a constitución do tribunal e a realización da entrevista persoal para o vindeiro **VENRES día 23 de xuño ás 11:00 horas**, no Concello de Vilariño de Conso, en chamamento único. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición ante o tribunal da documentación correspondente.

CUARTO: Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do mesmo www.vilarinodeconso.es.

O ALCALDE
D. Ventura Sierra Vázquez.

Vº A SECRETARIA
D^a. Ana María Loureiro Silva

O que se fai público, de conformidade co disposto nas bases de selección da convocatoria. Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, pode interperse alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio no taboleiro de edictos do Concello, ante o Sr. Alcalde, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa. Se optase por interpor un recurso de reposición potestativo, non poderá interpor un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor calquera outro recurso que puidese considerarse máis convinte para o seu dereito.

En Vilariño de Conso, a 22 de xuño de 2017.

O ALCALDE.

D. Ventura Sierra Vázquez.